

Horarios e Servizos

1

Setembro e xuño:

Clases: 9:30 - 14:30. Comedor: 14:30 - 15:30. Transporte: 15:30.

Outubro a maio:

Luns, martes, mércores e venres: 9:30 -

16:15. Comedor 12:50 - 14:30

Xoves: 9:30-15:40. Comedor: 12:30-14:00.

2

Servizo de comedor xestionado de maneira directa polo colexio, contando con ata tres persoas no persoal de cociña e colaboradoras que pertencen ao sector familias.

3

Transporte escolar que conta con 7 rutas para a distribución do alumno da nosa zona de escolarización. Para alumnado que resida a menos de 2km do centro ou fóra da área de influencia restrínxese o dereito ao transporte e comedor, salvo autorización excepcional.



Toda a información na nosa páxina web ou a través do teléfono de contacto.

Contacto

881 880 382

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcanosarus/>

mmmm



Curso 2024/25

CEIP CANOSA-RUS

A Braña - Erbecedo
15147 - Coristanco
A Coruña



Datos xerais do centro



Atópase a 5km entre Carballo e Coristanco, dando servizo a ambos concellos. Con ratios xeralmente reducidas e adscrito ao IES Isidro Parga Pondal.



O centro conta con comedor de xestión directa, transporte escolar, biblioteca escolar participando no PLAMBE, aula informática móbil, laboratorio-obradoiro de plástica, RADIO...



Espazos exteriores como zona de herba natural, campo de herba, pista polideportiva e volea, frontón, aseos e vestiarios.

Actividades extraescolares

A ANPA do centro organiza cada curso escolar diferentes actividades levadas a cabo en horario de tarde, á saída do centro, como xadrez, artesanías, patinaxe, multideporte...



A nosa misión

Buscamos potenciar valores como a igualdade, o respecto, a solidariedade, os valores democráticos e a coeducación.

Entendemos as diferenzas como valor enriquecedor e non como motivo de discriminación.

Búscase fomentar a aprendizaxe das diferentes linguas da contorna, a lectura como fonte de pracer e investigación, as TIC, o respecto pola natureza e o sentimento de comunidade.

Participación en proxectos como o PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares) a través de programas como Lectura e Familias, Radio na biblio ou a creación dun espazo para a creatividade e o desenvolvemento (Biblioteca Creativa), ou potenciando os Proxectos Documentales Integrados (PDI) anuais...

Ven a visitarnos



para coñecer máis deste centro educativo

Xuntos imos construír algo moi divertido.

